

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE RESOLVEN AS SOLICITUDES DE AXUDAS PARA O ANO 2023 PARA A ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES QUE CONTRIBÚAN Á SENSIBILIZACIÓN EN MATERIAL DE XÉNERO E Á TRANSMISIÓN DE VALORES IGUALITARIOS NA UNIVERSIDADE DE VIGO

Publicada a convocatoria para o ano 2023 para a organización de actividades que contribúan á sensibilización en material de xénero e á transmisión de valores igualitarios na Universidade de Vigo. por Resolución Reitoral do 16 de xaneiro de 2023, e unha vez valoradas todas as solicitudes por parte da comisión seguindo os criterios recollidos na convocatoria.

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. CONCEDER as seguintes axudas ás actividades sinaladas:

ACTIVIDADE	CANTIDADE SOLICITADA	PUNTUACIÓN	CANTIDADE CONCEDIDA
Visita ao museo ANFACO	500 €	50	236 €
Falemos de Ciencia en Igualdade	2.000 €	58	945 €
Violencia Sexual na adolescencia dende a perspectiva de xénero	400 €	70	252 €
e ti, que científicas coñeces?	2.000 €	82	1259 €
Conferencia de Alex Frances	750 €	67	472 €
Xornada de Sensibilización "Girlhood: representacións das nenas e mozas na cultura do século XXI"	1.330 €	80	838 €
Obradoiro: Emprendendo con perspectiva de xénero	2.000 €	70	1.259 €
As (Ciber)violencias sexuais: a coeducación como medida de prevención	2.000 €	80	1.259 €
Seminario: Introducir a perspectiva de xénero na ensinanza da lingua e da traducción	1.000 €	55	472 €
Xornada de sensibilización con perspectiva de xénero "Feminismos interseccionais: raza, xénero e sexualidade na literatura e cultura popular contemporánea"	1.200 €	65	567 €

Museos, Feminismos, Canon	500 €	60	238 €
Enxeñaría x Mulleres (Centro de Investigación atlanTTic)	1.000 €	58	472 €
Comunicar en Igualdade	1.000 €	55	472 €
Xornadas "Vulnerabilidade de xénero: Resistencia e resiliencia nas voces de escritoras contemporáneas en lingua inglesa"	2.000 €	75	1.259 €

2. DENEGAR as seguintes solicitudes por non chegar ao mínimo de 50 puntos nas valoracións da comisión

ACTIVIDADE	CANTIDADE SOLICITADA	PUNTUACIÓN	CANTIDADE CONCEDIDA
III Xornadas "Visibilización en positivo! Rachando o teito de cristal dende o deporte de élite"	1.540 €	45	DENEGADA
Conferencia "Mulleres de letras galegas"	300 €	46	DENEGADA
Ciclo BiFeGa_BITRAGA. Mesa redonda «Tradución e xénero para desa(r)marmos o capitalismo»	1.500 €	45	DENEGADA

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte da súa publicación (ou desde o día seguinte a ter recibido a súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou desde o día seguinte ao recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O Reitor

Manuel Joaquín Reigosa Roger